



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Métodos e Técnicas da Avaliación de Centros	Código	652711208	
Titulación	Licenciado en Psicopedagogía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	3.5
Idioma				
Prerrequisitos				
Departamento	Filosofía e Métodos de Investigación en Educación			
Coordinación	Espiñeira Bellon, Eva Maria	Correo electrónico	eva.espineira@udc.es	
Profesorado	Espiñeira Bellon, Eva Maria	Correo electrónico	eva.espineira@udc.es	
Web				
Descrición xeral				

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A4	Asesorar os centros, os profesionais, as familias e as institucións co fin de axudar a resolver problemas educativos.
A6	Comprender os factores que permitan a mellora dos procesos educativos.
A15	Colaborar no deseño, na aplicación e na avaliación de auditorías de calidade nos procesos educativos.
A19	Organizar e xestionar accións, programas e servizos orientados á promoción da calidade.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Aprender a aprender.
B3	Capacidade de resolución de problemas.
B4	Capacidade de aplicar coñecementos na práctica.
B6	Preocupación pola calidade.
B7	Habilidades para localizar e analizar información de fontes diversas.
B8	Traballar de forma autónoma e con iniciativa.
B9	Traballar de forma colaborativa.
B10	Capacidade de organización e planificación.
B11	Rigor profesional.
B13	Creatividade.
B16	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.

Resultados da aprendizaxe		
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación	
Asumir las diferencias conceptuales de evaluación y de calidad educativa subyacentes de las diversas corrientes evaluativas. * Realizar una evaluación de centros orientado a la mejora desde una visión holista. * Conocer, analizar y reflexionar sobre las últimas tendencias en evaluación de centros. - Reflexionar sobre la metodología de la investigación en evaluación de centros, de su proceso. * Reflexionar sobre la utilidad de los instrumentos para la recogida de información	A6	B1 B2 B8 B13
Colaborar no deseño, na aplicación e na avaliación de modelos de avaliación orientados a mellora da calidade dos procesos educativos.	A15	B4 B6 B7 B9 B16



Organizar e xestionar accións, programas e servizos orientados á promoción da calidade e a mellora continua nos centros educativos Saber utilizar y valorar la pertinencia de los métodos y técnicas de evaluación de centros y de mejora de la calidad educativa	A19	B3 B4 B9 B10
Asesorar os centros, os profesionais, as familias e as institucións co fin de axudar a resolver problemas educativos.	A4	B4 B9 B11 B16

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A importancia da avaliación de centros e as súas características. Modelos de avaliación de centros.	O concepto de avaliación. Definicións e correntes. Características da avaliación de centros. O proceso de avaliación de centros. O Modelo CIPP e as súas aplicacións.
2. A avaliación de centros e a calidade educativa. Modelos de xestión da calidade. Aproximación histórica á calidade.	Modelos de xestión de calidade. EFQM, ISO, Cartas de servizos.
3. Métodos e técnicas de avaliación de centros.	Métodos e técnicas de avaliación de centros.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	2	30	32
Sesión maxistral	28	0	28
Aprendizaxe colaborativa	10	0.5	10.5
Resumo	0	15	15
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Ademais da avaliación continua realizada, a exame final fixada pola Xunta de Facultade realizarase mediante unha proba mixta. Esta proba, integrará preguntas tipo de probas de ensaio (abertas e de desenvolvemento) e preguntas tipo de probas obxectivas, que poderán combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Sesión maxistral	Algúns contidos do programa precisan unha exposición maxistral por parte do profesorado para centrar o proceso de ensino-aprendizaxe. Por iso, as clases expositivas céntranse na exposición oral dos ditos contidos, complementada co emprego de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a súa aprendizaxe.
Aprendizaxe colaborativa	As clases expositivas combínanse con clases interactivas guiadas polo profesorado e nas que o alumnado cobra un papel importante. Nas clases interactivas, empregaranse un gran conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución das tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.



Resumo	<p>O resumo consiste na síntese dos principais contidos traballados.</p> <p>O alumnado empregará esta metodoloxía para recopilar a información adquirida tanto nas clases expositivas como nas interactivas xa que é un recurso óptimo para facilitar a comprensión dos textos e a concentración persoal sobre o material obxecto de estudo. É tamén unha axuda importante para o repaso e a preparación de exames.</p> <p>Finalmente, recopilará toda esta información nunha Reflexión Final da materia que se entregará a final de curso.</p>
--------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Aprendizaxe colaborativa	<p>Tempo que cada profesor reserva para atender e resolver dúbidas ao alumnado en relación aos traballos persoais e grupais.</p> <p>Esta atención desenvolverase a través de titorías fora do horario de clase previa petición de cita. Est actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en pequeno grupo, que terá como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a titorías de despacho).</p>

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba mixta	<p>Ademais da avaliación continua realizada, a exame final fixada pola Xunta de Facultade realizarase mediante unha proba mixta.</p> <p>A exame centrarase nos contidos traballados en todas as clases (expositivas e interactivas).</p> <p>O sistema de corrección da dita proba será o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none">- Para preguntas de verdadeiro/falso: unha resposta incorrecta, restará unha resposta correcta.- Para preguntas de varias alternativas aplicarase a fórmula de corrección ao azar: $\text{acertos} - \frac{\text{errores}}{\text{n}^\circ \text{ alternativas}} - 1$. <p>A puntuación total da exame é de 8 puntos pero é preciso acadar a metade da puntuación (é dicir, 4 puntos) para poder aprobar a materia. Esta puntuación deberá estar repartida entre a parte teórica e a parte práctica (é dicir, 2 puntos en cada unha como mínimo).</p>	80



Resumo	<p>Para a realización do traballo colaborativo, é preciso formar pequenos grupos de traballo. Para realizar esta tarefa, débese ter en conta o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none">- Formaranse grupos pequenos (non máis de 4 persoas).- Cada grupo elixirá unha persona coordinadora, encargada de presentar e defender as ideas do seu grupo de traballo, no caso no que se lle solicite, que será rotativa en cada práctica.- Estos grupos formaranse o primeiro día de clase polo profesorado.- Sobre todo o traballo realizado, entregárase unha reflexión final da materia (individual) que será valorada co 20% da calificación final da materia. Esta reflexión final deberá constar de:<ul style="list-style-type: none">* Valoración persoal con respecto ao funcionamento do seu grupo de traballo: rol desenvolvido no equipo, como se organizou o traballo,...* Reflexión persoal acerca dos contidos desenvolvidos: que aprendín, que sei facer agora,...* Valoración da metodoloxía seguida nas clases.* Reflexión persoal acerca das competencias adquiridas con respecto ás indicadas na Guía Docente.* Valoración persoal con respecto á práctica profesional: aplicacións prácticas dos contidos ao mundo da educación social, que aprendín para o meu futuro profesional,...* Apreciacións persoais sobre as titorías realizadas: horarios, puntualidade, trato, principais dúbidas consultadas, principais funcións das titorías (persoal, académica, profesional,...).* Análise das prácticas realizadas ao longo das clases interactivas.* Valoración da temporalización dos traballos efectuados.* Apreciación persoal con respecto aos criterios de avaliación planificados.* Outros aspectos: calquera outra consideración a maiores do solicitado como suxestións, materiais elaborados a maiores polo alumnado co fin de completar os contidos, referencias bibliográficas ou webs consultadas,... <p>É dicir, a reflexión final debe ser a valoración final froito do traballo do curso completo e o prazo máximo de entrega será a semana seguinte de finalizar as clases.</p> <p>A puntuación deste traballo é de 2 puntos pero é preciso acadar a metade da puntuación (é dicir, 1 punto) para poder aprobar a materia.</p>	20
Outros		

Observacións avaliación



Observacións avaliación

As condicións da avaliación sinaladas, fíxanse para o alumnado asistente a clase. Considérase alumnado asistente a aquel que asiste a un mínimo do 80% das clases; por iso, o profesorado poderá solicitarlle ao alumnado que asine unha folla tanto á entrada como á saída. O/a estudante poderá xustificar as súas faltas de asistencia.

O alumnado que non forme parte de ningún grupo, non realice as prácticas correspondentes, a reflexión final ou non asista regularmente ás clases, só terá dereito a presentarse á exame final da materia na convocatoria oficial fixada pola Facultade (será considerado como non asistente ao 80% das clases). A exame puntuará o 100% da puntuación.

Se o alumnado asistente a clase suspende a exame, a puntuación acadada na reflexión final da materia realizada pérdese; é dicir, non se reservará a nota acadada polo alumnado nesta tarefa para as seguintes convocatorias. Na exame que terá que superar na próxima convocatoria será considerado como non asistente ao 80% das clases.

A UDC regula a matrícula de estudantes a tempo parcial, criterios que tamén serán tidos en conta polo profesorado.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Camison et al. (2006). Gestión de la calidad: conceptos, enfoques, modelos y sistemas. Madrid. Pearson - (). . - Desler, G. (2001). Administración del personal. México. Perason. - Álvarez Fernández, M (1998). El liderazgo de l caidad total. Madrid. Escuela Española - Stufflebeam y Skinfield (1987). Evalaución sistemática. Barcelona. Paidós - Club de excelencia (2003). Guía práctica para desarrollar, implantar y revisar la Autoevaluación de mi organización. Madrid. EFQM - Club de excelencia (2003). Introducción a la excelenciaia. Madrid. EFQM - Palom Rico, S. (1998). ISO 9000 y la base documental. Barcelona. Granica
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Camison et al. (2006). Gestión de la calidad: conceptos, enfoques, modelos y sistemas. Madrid. Pearson

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías